

INFORME dos “Criterios non valorables mediante fórmula” do contrato maior de servizos para o “Servizo de vixianza dos centros cívicos municipais”

A mesa de contratación con data 30 de setembro, ten enviado ao servizo de Participación e Atención Cidadá, as propostas presentadas e admitidas ao concurso de “Servizo de vixianza dos centros cívicos municipais” de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saians, emprazados no Camiño Maceiras, rúa Oliva, avenida Ricardo Mella, 296 (antiga estación do tranvía) e Baixada a Praia, 83.

Conforme estable o prego de claúsulas administrativas particulares na claúsula 16.1.1 “Criterios non valorables mediante fórmula”, os criterios a valorar son os seguintes:

- a) Características técnicas e funcionais do servizo: Hasta 7,5 puntos.
 - Formación de persoal que presta o servizo: Hasta 2,5 puntos
 - O mantemento dos medios de seguridade nas instalacións Hasta 5 puntos.
- b) Melloras proposta relacionadas coas seguinte materias: Hasta 31 puntos.
 - Intalación e mantemento de sistemas de gravación: Hasta 20 puntos.
 - Módulos antisabotaxes, sirenas, detectores volumétricos: Hasta 3 puntos.
 - Supervisión remota: Hasta 8 puntos.

Conforme ás ofertas presentadas e os criterios establecidos como non valorables mediante formula, se aprecia:

	GALICA	PUNTOS	SECURITAS	PUNTOS
a) Características técnicas e funcionais do servizo: Hasta 7,5 puntos.		3		7
Formación de persoal que presta o servizo: Hasta 2,5 puntos	150 horas totais por vixiante 80 horas específicos de seguridade por vixiante 20 violencia de xénero. 50 de primeiros auxilios Formación en academia extema.	1	300 horas. 75 horas anuais por vixiante (Adequada as funcións dos vixiante centros cívicos) 55 horas específicos de seguridade anuais. 20 horas atención ao público e habilidades sociais (1º ano) Estrutura dos cursos por niveis e anos. Formación con instalacións e persoal da empresa	2
O mantemento dos medios de seguridade nas instalacións Hasta 5 puntos.	Custe estimado do servizo de mantemento de 2.400,00 €. Non indica o número de visitas a realizar ni a periodicidade.	2	4 revisións anuais do circuito cerrado de tv e intrusión. Asistencia técnica inmediata, co tempo de resposta de 2 horas os 365 días Vixiante de seguridade no centro se non se pode subsanar a avaría Mantemento “todo riesgo” sen custe de medios persoais e materiais	5

➤ No apartado de formación do persoal que presta o servizo:

➤ A empresa Galaica, presente un programa de formación xenérico de 150 horas por vixiante.

➤ A empresa Securitas, propón a formación de 75 horas anuais por vixilante e más adaptado ás características da prestación do servizo nos centros cívicos municipais, formación que permite o cambio dos módulos ofertados no inicio do proxecto, xa que dispón de persoal e instalación propias para impartir a formación.

➤ Mantemento dos medios de seguridade nas instalacións:

➤ A empresa Galaica presenta unha oferta de mantemento dos medios por un importe de 2.400,00 €, sin indicar o número de revisións nin a periodicidade das mesmas.

➤ A empresa Securitas, oferta revisións trimestrais do circuito cerrado de televisión e do resto dos equipos de seguridade, así como unha resposta a incidencias de 2 horas e dos custes de persoal e repostos, así como da presenza dun vixiante nas instalacións en caso de non poder reparar a avaría.

b) Melloras proposta relacionadas coas seguinte materias: Hasta 31 puntos.	6	24
	GALICA	SECURITAS
Instalación e mantemento de sistemas de grabación: Hasta 20 puntos.	<p>4 Uds. de grabación modelo SRD 1670-DC, valorado en 16.000,00 €</p> <p>0</p>	<p>4 circuitos cérmados de tv personalizados para cada centro compuestos por:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grabador dixital de 8 entradas. Modelo SHR-5040 - Monitor color 17" - Mini domo antivandálico na entrada - Cámaras compactas con indicación do emprazamento en cada centro (5 Saians, 5 Coruxo, 6 Teis e 4 CascoVello) - Acceso remoto a través de internet <p>15</p>
Módulos antisabotaxes, sirenas, detectores volumétricos: Hasta 3 puntos.	<p>4 Uds. modulares antisabotaxe, valorado en 1.200,00 €</p> <p>4 Uds. Sirenas. Valorado en 400,00 €</p> <p>60 detectores volumétricos. Valorado en 1.500,00 €</p> <p>2</p>	<p>4 Uds. 1 módulo antisabotaxe por centro.</p> <p>1 cámara domo antivandálica e 1 exterior en Saians – 2 cámaras exteriores en Coruxo - 2 cámaras exteriores en Teis</p> <p>4 Sirenas. 1 por cada centro</p> <p>11 detectores Saians – 6 detectores Coruxo -12 detectores Casco Vello – 20 detectores Teis</p> <p>3</p>
Supervisión remota: Hasta 8 puntos.	<p>Conexión con central de control.</p> <p>2</p>	<p>4 centrais con comunicación TCP/IP</p> <p>Conexión con central de control</p> <p>Acceso remoto por internet</p> <p>Integración sistema de alarma na supervisión</p> <p>6</p>

➤ No apartado de Instalación e mantemento de sistemas de grabación:

➤ A Empresa Galaica, oferta 4 unidades de grabación de gama media, sin número de cámaras nin outros periféricos que poidan recoller a información das instalacións polo que non serían útiles salvo no centro cívico de Coruxo que dispón na actualidade de dúas cámaras.

➤ A empresa Securitas, oferta 4 unidades de grabación de gama media-alta, con cámaras interiores, exteriores e antivandálicas, monitores de seguimento de 17" e acceso remoto.

➤ No apartado de "Módulos antisabotaxe, sirenas e detectores volumétricos":

➤ A Empresa Galaica, oferta 4 sistemas antisabotaxes coa súas respectivas sirenas e 60 detectores volumétricos, sin indicar ningún tipo de distribución ou previsión nas instalacións.

➤A empresa Securitas, oferta 4 sistemas antisabotaxe, con mellora na calidade da central telefónica e sistema GSM en caso de fallo da linea telefónica, complementado coa instalación de cámaras exteriores en os 3 centros de Coruxo, Saians e Teis e unha antivandálica interior e Saians. O número de detectores 49, ofrece unha boa planificación nos centros.

Conforme ás propostas presentadas, a empresa Galaica presente unha oferta poco elaborada e non acorde ás necesidades dos centros xa que ainda que oferta un número maior de detectores volumétricos, o seu número non indica unha mellora na seguridade nos accesos, por outra parte a empresa Securitas presenta unha oferta moi completa e con un estudio das necesidades de seguridade en cada centro, coa aplicación das novas tecnoloxías nas comunicacíons e dos sistemas de gravación e medios contra a intrusión, así como unha completa cobertura na asistencia técnica dos sistemas sin custe para o Concello.

Polo anteriormente expuesto a puntuacion obtida por cada unha das empresa é a seguinte:

Apartado	GALAICA	SECURITAS
a) Características técnicas e funcionais do servizo	3	7
b) Melloras proposta relacionadas coas seguinte materias	6	24
TOTAL	9	31

Vigo, 1 de outubro de 2010

O xefe de Participación e Atención Cidadá

Francisco J. Gutiérrez Orúe

